

PROGRAMACIÓN

 [descargar p](#)



LA CASA DE LA TROYA (España, 1924)

Dirección e guión: Alejandro Pérez Lugín e Manuel Noriega; homónima de Alejandro Pérez Lugín. Producción: Troya Film Moriyón. Fotografía: José Gaspar, Agustín Macasoli e Alb Intérpretes: Carmen Viance, Pedro Elviro, Florián Rey, Juan Duración: 140 minutos.

Ambientada no universo estudantil dun finisecular Santiago casa de la Troya é a adaptación da popular (e autobiográfica) Lugín publicada en 1915, axudado en 1924 na realización director e home de teatro asturiano Manuel Noriega. Con grandes éxitos do momento, este filme mudo de amorios e tamén un percorrido turístico por localizacións galegas (Vil Betanzos). Restaurada polo CGAI e Filmoteca Española no Acompañamento musical en directo a cargo do pianista Javier Azpeitia.

QUE FACER E QUE VER HOXE

A CORUÑA

CINEMA



Proxección de 'La casa de la Troya'

O Centro Galego das Artes da Imaxe proxecta, con música en directo, a fita de 1924 *La casa de la Troya*. CGAI. A partir das 20.00 horas. Entrada de balde. A Coruña

VIGO

MÚSICA

Standstill actúa ao vivo na Sala Mondo

A banda barcelonesa Standstill chega á Sala Mondo de Vigo. Neste concerto, ademais dos temas dos seu último traballo, *Adelante Napoleón*, interpretarán cancións dos seus discos anteriores como *The Latest Kiss* ou *Vivalaguerra*, considerado o mellor álbum da pasada década por parte da prensa especializada.

Sala Mondo. Ás 22.00 horas. Entradas: entre 12 e 15 euros. Vigo

SANTIAGO

KIKO VENENO PRESENTA NA CAPITOL O SEU NOVO DISCO, 'DÍCE LA GENTE'

Kiko Veneno, acompañado por La banda del retumbo, presenta na Sala Capitol de Santiago de Compostela o seu novo álbum, *Díce la gente*, no marco da xira que o está a levar por toda o Estado dende o pasado mes de setembro do ano 2010.

Sala Capitol. Rúa Concepción Arenal, 5. Ás 22.00 horas. Entradas: 18 euros. Santiago de Compostela



VIGO

ESPECTÁCULO

Merendacea celebra o Día Mundial da Poesía

Para celebrar o Día Mundial da Poesía, que terá lugar o vindeiro luns 21 de marzo, o museo Verbum-Casa das Palabras programa o espectáculo *Poesía para devorar*, da compañía Merendacea, que conxuga música en directo, música gravada, danza, poesía, videocreación, monicreques, collages e interacción co público.

Verbum-Casa das Palabras. Ás 20.30 horas. Entrada de balde. Vigo

Manuel López | Fotógrafo

“España está a devorar os fillos da Transición”

O galego fai balance da súa traxectoria

ENTREVISTA

HÉCTOR J. PENA
GALICIA

hector.pena@xornaldegalicia.com

Manuel López (1946) acredita máis de 40 anos de experiencia no mundo da fotografía. Hoxe, este coruñés, coñecido como “o fotógrafo da Transición”, fará entrega á Deputación Provincial da súa biblioteca persoal.

Por que se decidiu a facer a doazón?

En primeiro lugar, porque levo 45 anos no oficio. Segundo, porque estudei fotografía en Alemaña, e terceiro porque como periodista viaxei por máis de 50 países, e en todos os sitios comprei libros. Entón, hai uns anos atopeime co problema de que non tiña sitio para tanto libro. Logo, como a este mundo se chega en coiros e en coiros se marcha un, decidín doalos.

Que clase de libros entrega?

Principalmente libros de fotografía. Hai de todo, loxicamente, pero os máis importantes son os libros de imaxes e os catálogos de fotografía profesional e fotoxornalismo. Tamén hai textos de técnica fotográfica, pero non podería dicir en que cantidade, porque nunca contei os libros. O presidente da Deputación quere moito e di que é a mellor colección de fotografía, pero eu

non sei se é a mellor. Como mínimo é unha boa biblioteca.

Máis de 15 anos despois da súa lectura, cumpríronse os principios que reivindicou no *Manifiesto sobre la edición fotográfica en la prensa* ou estamos nunha situación incluso peor?

Esta é a pregunta do millón, complicadísima de responder. No *Manifiesto de Mariñán* adiantámonos un pouco a todo o que está a suceder, como se o vísemos vir, lamentablemente. Pero algo conseguimos, en medios serios como *El País* ou Xornal non se publican alegremente fotografías que poidan dar transmitir unha información falsa.

Que influencia tivo a súa estada en Alemaña na súa traxectoria?

Total. Eu fun a Alemaña con 17 anos, e alí aprendín o idioma e o oficio. A influencia dese país no fotoxornalismo é máxima, é unha disciplina totalmente enraizada nese país, de alí saíu o que logo foi o fotoxornalismo norteamericano.

Moléstalle a etiqueta de “o fotógrafo da Transición”?

Non. Eu son “un dos fotógrafos da Transición”, non “o fotógrafo”. Hai outros grandes fotógrafos, mellores ca min, como Carlos Bosch. Cando entrei a traballar en *Cuadernos para el diálogo*, tiven a



Manuel López, retratando á fotógrafa de Xornal

CASTEL FIRO

“Nos medios serios non se publican fotos que transmitan informacións falsas”

tremenda sorte de que ese tempo coincidiu coa Transición, dende Franco até que se aprobou a Constitución. Despois pasei a fundar *Foto*, que terminou en 2009 pola crise. É curioso, parece como se a democracia en España estivese a devorar aos fillos da Transición.

É a fotografía unha arte, en pé de igualdade coa pintura, por exemplo?

Si, pero hai que ter en conta que pode ser unha arte igual que calquera outra así como pode ser un camelo, igual que calquera outra. Hai que ter a valentía de chamarlle merda a algo cando o é. ■

www.xornal.com

Opine sobre a traxectoria do fotógrafo Manuel López na web do noso periódico

XORNAL.COM

MÁIS NOTICIAS NA NOSA WEB

CRISE NAS PANTALLAS

Os cines galegos perden o 11% do seu público

Os cines galegos tiveron máis de 450.000 visitas menos en 2010 con respecto ao ano anterior, o que supón un descenso do 11% no número de espectadores, segundo datos solicitados polo Observatorio da Cultura Galega. A caída é proporcionalmente maior en Galicia que no conxunto do Estado, onde o número de visitantes retrocedeu nun 7,5%. **EP**

ACADEMIA DE BELAS ARTES

Tiñan un Van Dyck orixinal sen sabelo

A Real Academia de Belas Artes de San Fernando descubriu entre os seus fondos un auténtico Anton Van Dyck: *A Virxe e o Neno cos pecadores arrependidos*, datado cara a 1625. A obra, cuxa autoría acaba de ser verificada, figuraba nun inventario de 1964 da Academia como “copia antiga de Van Dyck”, segundo informa a Academia. **EP**

‘CARNAGE’

Polanski remata a rodaxe da súa nova fita

O cineasta franco-polaco Roman Polanski celebrou a festa de fin de rodaxe do seu novo filme, *Carnage*, baseado na obra de teatro *Un deus salvaxe*, de Yasmina Reza, e cuxa estrea está prevista para o ano 2012. Rodado en Francia, o reparto está composto polos actores Christoph Waltz, Kate Winslet, John C. Reilly e Jodie Foster. **EP**